

ESCOLA DE FONTEITA: UN PRINCIPIO E UN FINAL

Bravos López, Marisol
maralva@galicia.com

Mestra xubilada e activista por unha sociedade inclusiva

RESUMO

Empezar a traballar nunha escola non sería noticia de non ser pola historia de discriminación que me acompaña. Este artigo ten dúas partes ben diferenciadas. A primeira refírese a unha das etapas máis descoñecidas da historia de España que corresponde aos “nenos da polio”, e a segunda detalla o meu primeiro destino na escola de Fonteita, durante dous cursos.

PALABRAS CLAVE

Franquismo. Discriminación. Polio. Escola. Fonteita. 1980

1.- INTRODUCCIÓN

Sen imaxinar que me invitarían a facer un artigo para a revista CORGA, o que agradezo de corazón, sempre pensei que o meu paso por Fonteita representaba un principio e un final. Un principio que non me permitiron soñar, pero que se fixo realidade, e un final porque me tocou pechar a escola. Na España en branco e negro da década dos 50, cando ía cumprir os tres anos, en agosto de 1958, tiven unha visita que cambiaría o rumbo da miña historia e, por conseguinte, o da miña familia. O virus da polio tamén chegou a Vilachá de Mera, unha parroquia do Concello de Lugo a uns dez quilómetros da cidade. Era a época das mallas e despois de tres días na cama con certo malestar —pensaban que ía ter o sarampelo— as miñas pernas non me sosteñen. Intentos e máis intentos, pero non terman de min, e así pasei a ser unha das «nenas da polio», a pandemia que ocultou o franquismo, e pola que miles de nenos morreron e miles quedamos con secuelas; no meu caso para camiñar precisaba de dous bastóns que me fixeron meu pai e un veciño.

2.- A POLIO EN ESPAÑA

Como xa queda lonxe no tempo, considero oportuno facer un breve comentario sobre o que significou a polio en España. En 1908, déronlle o nome de poliomielite, despois parálise infantil ou polio, a un *poliovirus* que causou pánico nas familias con nenos. Unha enfermidade infecciosa e altamente contaxiosa, xa descrita desde a antigüidade, que no século XX se estende por todo o mundo, chegando a colapsar hospitais en Estados Unidos cuns cinco mil nenos afectados por semana. Atacaba ao sistema nervioso central matando as neuronas motoras ata provocar mortes, deformidades ou parálises nas extremidades de por vida. Atemorizaba á poboación non tanto polo índice de mortalidade, senón polas terribles secuelas. Os seus efectos marcaron as nosas vidas con desarraigamentos familiares, escolarización nula ou irregular, longas estancias en hospitais sen recursos, axudas irrisorias, material ortopédico aparatoso, pulmóns de aceiro, enganos con falsas promesas, diagnósticos crueis...



En 1955 —ano no que nacín— e despois de décadas de loita, apróbase a primeira vacina inxectable eficaz contra a polio. Considerouse un acontecemento tan importante para a historia

da humanidade que o seu inventor, o científico norteamericano Jonas Salk, decide non cobrar pola patente para que a fórmula se distribúa gratuitamente. «¡No se puede patentar el sol!», afirmou. En 1962, aparece a vacina oral de Albert Sabin, máis fácil de administrar e que complementa a de Salk. Con estas dúas vacinas, o mundo enteiro comezou entón a pasar páxina, menos España que silenciou a pandemia e non afrontou os gastos da compra alegando que non era necesaria porque: «aquí la polio no existe». Tardouse en recoñecer a magnitude do problema porque se deu prioridade á chegada do turismo, ocultando os casos de polio baixo un código secreto.

Cando noutros países xa se consideraba erradicada, grazas ás vacinas que salvaron millóns de vidas, en España, practicamente ata o ano 62, non se fala de polio. Como o avance da pandemia era alarmante, empezouse vacinando aos fillos dos ricos, pasando a ser “enfermidade de pobres”. As autoridades franquistas optaron por rivalidades e liortas que impediron atender a toda a poboación susceptible. As discordias entre as dúas institucións sanitarias motivaron que a vacinación se demorase no tempo e permitindo que o virus seguira o seu curso, roubando a infancia de miles de nenas e nenos. Foi así como a xeración coñecida como “os nenos da polio” quedou afectada cando xa existía solución. Servimos de “coelliños de indias” e tamén fomos vítimas da caridade cristiá: debiamos ter resignación porque tiñamos o ceo gañado.

Cunha ditadura que negaba e ocultaba, as vacinas estiveron abandonadas en descoñecidos almacéns. Por fin, e despois de oito anos de espera, permitiuse distribuír a vacina oral nos meses de xuño e outubro de 1963. Chegaba tarde porque o dano estaba feito: o virus xa profanara miles de corpos. Escolleiron as provincias de León e Lugo sen informar á poboación que se trataba dunha proba experimental con fins administrativos, e sen aclarar que era un ensaio piloto con vacinas e doses distintas, algunhas en mal estado e non autorizadas noutros países. En Lugo, cun amplo cartel informativo, a campaña foi un éxito porque

debía ser un éxito, ao marxe do resultado, xa que non existen censos de afectados nin datos concretos do proceso seguido. Este experimento serviu para planificar, ao ano seguinte, o primeiro plan de vacinación masiva e gratuítas en España.



Fomos vítimas do franquismo e agora case esquecidos da democracia. Grazas a asociacións de afectados que levan máis de vinte anos loitando para que o Goberno recoñecese aos “nenos da polio” na Lei de Memoria Democrática. Figuramos na Disposición adicional undécima cun breve parágrafo: *“En reconocimiento del sufrimiento padecido por las personas que fueron afectadas por el poliovirus durante la pandemia que asoló a España a partir de los años cincuenta del siglo XX, el Gobierno promoverá investigaciones y estudios que esclarezcan la verdad de lo acaecido respecto de la expansión de la epidemia durante la dictadura franquista. Así como las medidas de carácter sanitario y social a favor de las personas afectadas por la polio, efectos tardíos de la polio y post-polio”*. Aínda sendo importante, non é suficiente cun recoñecemento institucional e moral. Precisamos unha atención sanitaria de calidade e fácil acceso ás axudas técnicas complementarias. É realmente desalentador que tampouco agora se nos dea a consideración debida, porque de momento todo se queda en palabras baleiras.

3.- A MIÑA ETAPA ESCOLAR

Cando tiña sete anos non me admitiron na escola da aldea. Ensináronme meus pais a ler, escribir, as catro regras, catecismo... Nun segundo

intento, aos nove anos, si me admitiron pero non me deixaban subir ao comedor —aínda que podía facelo— e tiña que comer fóra do local eu soa debaixo dun carballo.

Estudei cun certificado de “subnormal” por levar os bastóns. Fixen o Bacharelato por ciencias con moi boas notas e no informe final figuro “capacitada para letras”. Cando levaba un mes en Maxisterio, díxéronme que non podía seguir por non facer ximnasia xa que non completaría o expediente. Aínda que me insistiron que non había precedentes, fixen unha instancia á Universidade de Santiago e, contra todo prognóstico, concedéronme a exención da ximnasia práctica e debía examinarme da teórica. Rematei con acceso directo: a número dous. Non tiña que facer a temida oposición, pero na documentación a presentar había un apartado que pedía un certificado médico especificando “non padecer defecto físico”. Penso que foi crucial a redacción que fixo o médico aclarando o que me pasara, pero sen definir se podía ou non desempeñar a profesión; e tamén o acceso directo que me evitou pasar por un tribunal ante o que non podería ocultar os bastóns.

Rematado Maxisterio cun período de prácticas de tres meses no colexio da Anexa, e xunto ás clases que dei nos veráns na miña aldea, toca enfrontarse ao primeiro destino. Considero que me foi máis útil a experiencia das clases aos veciños —todos os nenos xuntos arredor da mesa do comedor da casa dos meus pais— que as prácticas de Maxisterio nas que estiven a maior parte do tempo cun curso de 8º con corenta e dúas nenas, simplemente como observadora. Tamén me impresionou moito que unha mestra nas prácticas me falara da vida das alumnas, o que me levaba a pensar que falarían de min nos meus anos de estudante.

4.- PEDIDA DE DESTINO

Despois de comentar brevemente sobre a etapa escolar, quizá se entenda mellor o que significou para min este primeiro destino. Como curiosidade teño que dicir que a relación de vacantes era diferente para mestres ou mestras, e que para unha escola unitaria irían so mulleres. Coñecer a

situación das escolas era algo crucial: oíra falar do que tiñan que andar algunhas mestras, incluso pola neve despois de deixar o coche, ir en cabalo... para ir a escolas que daquela se denominaban de “difícil desempeño”. Pensaba que iso non era apto para min e tería que renunciar. Fun ver varias: unha de Lousada en Guntín, outra de Castro de Rei... Como pedía de primeira na zona de Lugo, xa que a miña compañeira pedía na zona da costa, aportoume certa confianza para intentalo se conseguía ir para algunha delas.

A escola de Barrio non estaba no meu listado porque non aparecía na primeira relación a cubrir, sempre había altas e baixas de última hora. Antes de empezar a petición faláronme dela unhas compañeiras. Cando me dixeron que estaba preto da Nacional VI, que tiña vivenda, que me chegaba o coche —ata tiña un alpendre que facía de garaxe— xa me animou moito e mitigou en parte a miña preocupación. Loxicamente fieime delas e pedina, pero quedei con certo desacougo e estaba desexando ir vela.

Fun pola tarde, e acompañáronme uns amigos. Vaia desgusto me levei dando voltas pola estrada. Ninguén daba explicación da tal escola de Barrio, ata que me dixeron que debía ser a escola de Fonteita e alí nos diriximos. Estabamos case ao lado, pero non se vía polas árbores. Preguntámoslle a unha señora que levaba un cesto de mazás, o ben que me sentou a que me ofreceu despois de pasar certa preocupación. O nomeamento, con data 26/09/1978, era con carácter interino; no Nadal recibín o de propietaria provisional.



5.- COÑECER A ESCOLA

Encontreime cun edificio pintado de branco e con varias ventás, o das ventás xa me gustou. A primeira impresión ao vela por fóra foi moi boa, pero rapidamente vimos que a tubaxe que baixaba do tellado estaba rota así que era difícil que houbera auga. Ao día seguinte, fun ao Concello recoller as chaves, comentei o problema e xa me dixeron que irían amañalo; así foi e, aos poucos días, estaba arranxada. Tamén me comentaron que me mandarían as bombonas de butano para a estufa. Xa me ía familiarizando co que representaba levar unha escola.

A escola por dentro estaba moi ben conservada. Tiña baños, un televisor, moitas plantas... A vivenda tamén estaba moi ben. Non me cansaba de dar voltas observando todo.

A mestra anterior xubilárase. Levaba alí moitos anos, o que implicaba máis expectativas coa mestra nova. Enriba da mesa simplemente tiña unha nota que dicía que os exames de Graduado Escolar se facían na escola do Corgo.



6.- COÑECER AOS ALUMNOS E COMPAÑEIRAS

Como non atopei listados dos alumnos, mirando os libros de escolaridade calculei que ía ter vinte e catro alumnos, repartidos así: un de preescolar, tres de primeiro, un de segundo, dous de terceiro, catro de cuarto, catro de quinto, cinco de sexto,

un de sétimo e tres de oitavo. Tamén mirei varias veces as súas fotos e fixen as primeiras listas para irme familiarizando cos nomes e apelidos. Cando souben o número de alumnos e as materias que tiña que dar, pasei horas e horas pensando como organizarme, como colocalos...



Na primeira clase dediquei un tempo a explicarlles porque tiña que camiñar con dous bastóns, escóitanme moi atentos. Tiña moi claro que trataría de inculcar valores que os levaran a respectar a diferenza. Tamén falei moito con eles para acordar unhas normas e decidir como ían ser as nosas clases. Lembraba que cando fixen as prácticas, as nenas me deixaron ver que eu lles transmitía máis confianza porque as chamaba polo seu nome, e non polos apelidos ou por un número.

A conexión foi desde o primeiro momento, quizais lles sorprende que eu non lles berraba, non castigaba, simplemente utilizaba o diálogo sereno. Pasados os primeiros días en que xa tiñamos unhas normas asumidas, era todo rodado. Quero resaltar o fácil que me foi organizalos e conseguir un clima de confianza, respecto, alegría, colaboración... Tamén lles chamou a atención que dedicamos un tempo a organizar os cadernos co seu título e o seu nome con letras bonitas; empezar así pensei que podía servir de estímulo para telos máis coidados ao longo do curso. A enciclopedia Álvarez de primeiro grado, marcou a miña infancia; era o meu libro de contos e como a botei de menos cando me vin rodeada de oito cursos con tantos libros e cadernos.

Preparei un horario como se fose un único curso, e dentro dese horario tiña que organizar para cada materia oito actividades distintas: ler, escribir, pintar, explicar, preguntar, corrixir... Os grupos máis numerosos eran máis motivadores mentres que os de un neno ou dous intentaba non acomodalos nos cursos anteriores ou seguintes. Ao principio, quedábame moitas veces a sensación de impotencia, de insatisfacción por non ter tempo para explicar os distintos temas poñendo exemplos, comentando... como me gustaría. Non quería un ensino memorístico como o que vin nas prácticas de Maxisterio. Case nunca me sentaba, salvo para corrixir algúns traballos, porque as explicacións tiñan que ser en ton baixo para non interferir no traballo dos outros, aínda así teño que destacar en positivo que todos aprendían de todos. Unha preocupación a maiores era formar ben aos que había que presentar aos exames do Graduado Escolar no Corgo, sígome relacionando co director daquela escola.



Na parte dianteira había un pozo tapado cun chanto que me daba certo medo, polo que evitaba que os nenos estiveran por alí. No recreo xogaban no campo da festa que quedaba preto, cando remataba alguén berraba “adeeeentro” e todos botaban a correr. Recordo os momentos de algarabía que se organizaban os venres pola tarde para varrer a escola: abrir as ventás, un rebumbio coas vasoiras, limpar o po despois, e deixar todo disposto para o luns. Non existían as titorías actuais, quero dicir que non había un horario establecido, os pais preguntaban polos nenos cando cadraba de atoparnos.

Levaba as compañeiras de Gomeán e Franqueán. Non me lembro como contactaron

comigo para viaxar, quedaron impresionadas cando viron como manexaba o meu SIMCA 1000, adaptado para conducir coas mans. Tiñamos certa flexibilidade de horario, pola mañá había que saír un pouco antes para que me dera tempo de deixalas nas súas escolas e pola tarde xa me saían ao camiño. Outra novidade coa que me encontrei era que tiñan por norma faltar un día ao mes, para ir cobrar. Eu non vía necesidade desa opción porque xa tiña unha conta bancaria aberta, e acabaron sumándose a non faltar porque non quedaba ben que se comentara que nunhas escolas estivera a mestra e noutras, non. Gardo moi bo recordo desas primeiras compañeiras que me trataban como a unha neta, e ata me facían regalos a escondidas unha da outra, algún aínda o conservo.

7.- PECHE DA ESCOLA

Como xa dixen, o principio da miña vida profesional correspóndese co final da escola de Fonteita. Estiven dous cursos, mentres se remataba a construción do Grupo Escolar do Corgo. No último ano, a inspectora de zona convocou a unha reunión a todos os mestres e mestras das escolas unitarias para explicar as condicións da incorporación ao novo colexio. A outra compañeira e a min xa nos dixo cun sorriso que podíamos marchar porque as nosas posibilidades eran nulas, as dúas eramos provisionais.

A data do meu cese na escola e polo tanto do peche é o 31/08/1980. Quixeron que me fixera cargo das plantas que había. Como eu aínda vivía de pensión, leveinas para a casa da aldea na que as coidou miña nai anos e anos.

Esta primeira experiencia vivina de maneira máis intensa, así que a despedida foi moi emotiva. Cando saín da escola encontrei o coche cuberto de pétalos de flores, polo que marchei moi engordíño vendo como voaban. Ía moi triste, pero non quería chorar porque me estaba esperando o cura da parroquia nunha cafetería da Nacional VI para despedirme. Deixaba a miña querida e sempre recordada Fonteita. Agora sei que a

escola está remodelada, con rampla incluída, por unha foto que me mandou un alumno.



8.- ANÉCDOTAS

E non podoo rematar sen facer alusión a algunhas anécdotas que me tocou vivir. Aos poucos días de empezar as clases, xa me chegou o comentario que se fixo na consulta dun médico: «Para alá mandaron unha mestra coxa». Así era, nada que obxectar. Despois de escoitar tantos comentarios negativos na miña etapa de estudante, a frase so fixo reafirmarme no meu desexo de traballar uns valores que leven aos nenos a aceptar e respectar a diferenza. E aquí teño que comentar outra anécdota do primeiro día que pode dar a entender mellor o que estou a dicir. Cando saín á porta para recibir aos alumnos e, despois de saudalos, un pai espetoume: «E voulle dicir que non consinto que ninguén lle toque ao meu fillo». Vaia maneira de comezar! De entrada pensei se o asustarían os bastóns, co tempo souben que tivera algún *problemiña* coa mestra anterior.

Cando máis utilicei a vivenda foi cando unha compañeira da pensión quixo facer as prácticas de Maxisterio comigo. Unha mañá, ao chegar á escola, pechei o coche coas chaves dentro. Era a primeira vez que me pasaba. Como os nenos ían comer á casa, pedínlles que o comentaran por se alguén podía achegarme a Lugo ou dicirme como chamar un taxi. Rapidamente veu o pai dunha nena a buscarme. Coincidiu que estaba

a rapaza de prácticas e quedoume cos nenos. Cando cheguei de volta estaba moi enfadada porque nun ditado alguén puxo ao final da folla varios signos de puntuación co comentario de que os colocara ela onde considerara oportuno. Recoñezo que me resultou simpático o detalle, aínda que tiven que capear a situación do mellor xeito posible para calmar os ánimos.

No local facían algunhas reunións ás noites, creo que os cazadores. Non moi convencida seguí o que estaba establecido. Ao día seguinte todo estaba en orde, aínda que o olor a tabaco era esaxerado.

O tramo de camiño desde a igrexa ata a escola, cando chovía moito dificultaba chegar co coche. Tiña que deixalo noutro lugar e ir andando pola beira dun prado. Un luns encontreime con que os pais se xuntaran a fin de semana para arranxalo. Vaia emoción que sentín e quedeilles moi agradecida.


Estaba contenta cando podía colaborar coas familias. Nunha ocasión fun a unha farmacia buscar un medicamento. O que non podía imaxinar era que me cuestionaran quen me encargara aquilo, que me podía meter nunha lea porque, ao parecer, tiña un compoñente asociado a unha droga. Debín poñer tal cara de susto e inocencia ao mesmo tempo que todos os meses me tiñan o medicamento preparado. Obsequiáronme con detalles de todo tipo e, no mes de xuño, invitáronme a comer nalgúnhas casas e así aproveitei para coñecer distintos barrios da parroquia como Chavín, Rubial, Soutolubián...

9.- CONCLUSIÓN

Escribín o libro *Unha historia de superación* para deixar constancia dunha parte máis descoñecida da historia de España e como recoñecemento á miña familia, a principal protagonista do relato. Tamén fixen alusión ao meu paso polas distintas escolas e colexios, e á miña actividade social e reivindicativa como voluntaria.

UNHA HISTORIA DE **SUPERACIÓN**

Marisol Bravos López



Estiven moi contenta en todos os centros de traballo, non sabería por cal decantarme, pero o recordo de Fonteita é distinto, é especial, xa que me fixo ver que a miña loita merecera a pena, que tantos desvelos tiveran a súa recompensa. Puiden demostrar que ensinar e transmitir a uns nenos non depende dunha maneira de camiñar. Servíume de adestramento para a

próxima escola unitaria en Román, Vilalba, na que tiveron doce alumnos máis, e marcou os meus trinta e sete anos no ensino público. O traballo individualizado con oito cursos, tamén me axudou moito para promover a primeira experiencia de escolarización de nenos con necesidades educativas especiais, pioneira en Galicia. Unha vez máis, grazas Fonteita!

